



Concello de Vigo
Expte. 4195/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 23/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** ordinaria do 30.10 e extraordinaria do 23.11.23

Ditames das comisións informativas:

URBANISMO

- 2.** Aprobación provisional do documento nomeado "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo". Expte. 15313/411 (Expte. Pleno 4198/1101).

Mocións:

- 3.** Moción do grupo municipal do BNG pola mellora urxente da rede sanitaria pública en Vigo. Expte. 4201/1101.
- 4.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a inversión necesaria para a mellora naqueles centros educativos públicos de Vigo que o precisen. Expte. 4203/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a realización dun Plan de Humanizacións das Estradas de titularidade autonómica no Concello de Vigo. Expte. 4204/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista felicitando ao goberno de España polo cumprimento de incluír a moi Alta Tensión para Vigo, así como a reprobação á Xunta de Galicia pola súa falla de iniciativa política. Expte. 4205/1101.

PARTE DE CONTROL

- 7.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.11 ao 17.12.23. Expte. 1595/1102 (Expte. Pleno 4196/1101).
- 8.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.11 ao 17.12.23. Expte. 1596/1102 (Expte. Pleno 4197/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo 4225-1101	Data impresión: 08/02/2024 12:40 CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	Páxina 1 de 20
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mocións.

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o incumprimento das obrigas por parte do Goberno Local de Vigo na supervisión e control á concesionaria de transporte público da cidade (VITRASA). Expte. 4202/1101.

10. Formulación de rogos.

11. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
González Abeijón, Fernando
Martín Peña, Jose Miguel
Sánchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTE:

Losada Álvarez, Abel Fermín, concelleiro do grupo municipal Socialista.
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos (09:07 h.) do día vinte e oito de decembro do ano dous mil vinte e tres (28/12/2023), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don José Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 2 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Presidente comunica un cambio na Orde do Día, a moción nº 6 da orde do día pasará a tratarse en primeiro lugar co nº 3 na acta da sesión, a nº 4 da orde do día será a 5ª na acta da sesión e a nº 5 da orde do día será a 6ª na acta da sesión. Tamén se propondrá a inclusión dun asunto fora da Orde do Día (FOD.1) que se identificará co nº (9.Bis)

O Pleno municipal por unanimidade dos membros presentes (25), mostra a súa conformidade cos cambios propostos.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (221) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 30.10 E EXTRAORDINARIA DO 23.11.23

Incidencia. O concelleiro do BNG, Sr. Perez Igrexas manifesta que hai un erro na acta do 30/10/2023, "o rogo polo BNG formúlao a Sra. Martinez Piñeiro e a pregunta formúlaa o Sr. Abalde Comesaña". Corrixido isto pode aprobarse a acta.

VOTACIÓN E ACORDO.

Coas rectificacións indicadas, por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 20/2023 ordinaria celebrada o 30/10/23
- Sesión núm. 21/2023 extraordinaria celebrada o 23/11/23.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.- (222) APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO NOMEADO "REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO". EXPTE. 15313/411 (EXPTE. PLENO 4198/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2022, o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe proposta,

"En sesión extraordinaria e urxente do día 18.12.2015, o Pleno do Concello de Vigo acordou, entre outros pronunciamentos, elaborar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) adaptado á lexislación vixente, en substitución do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993, conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Con data 11.10.2018, o Consello da XMU adxudicou o contrato do servizo de redacción do PXOM e actualización cartográfica á UTE Oficina de Planeamento SA e Sepia Técnicos SL.

O día 08.06.2020, o órgano ambiental acordou someter a consulta pública por un prazo de dous meses o Documento Inicial Estratéxico e o Borrador do Plan xeral elaborado polo nomeado equipo redactor.

O día 22.09.2022, a Dirección Xeral de Calidade e Cambio Climático formulou o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 3 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Documento de Alcance.

Con data 26.08.2021 o Pleno do Concello de Vigo acordou, en sesión extraordinaria, aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal asinado electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla, presentado o día 05.08.2021, co seu resumo executivo presentado o día 31.07.2021, así como abrir un trámite de información pública por prazo de tres meses e suspender a tramitación de licenzas nos termos contidos no dito acordo.

O anuncio do inicio do trámite de información pública e de suspensión de licenzas foi publicado o día 11.10.2021 no Faro de Vigo e o día 15.10.2021 no Diario Oficial de Galicia.

Durante o referido trámite recabáronse os informes sectoriais previstos no Anexo II, táboa 1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e que constan referidos no informe asinado o día 24.08.2023 pola xefa de Desenvolvemento Urbanístico.

Con data 31.08.2023, a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración ambiental estratéxica declarando ambientalmente viable o documento de Plan xeral elaborado, cos condicionantes establecidos nos diferentes informes sectoriais emitidos (publicada no DOG núm. 174, do día 13.09.2023 e na sede electrónica do órgano ambiental).

O día 29.11.2023 tivo entrada no Rexistro electrónico da XMU, con cod.sol.: W3384-4082, o escrito presentado polo equipo redactor comunicando a entrega no repositorio documental alfresco, do documento nomeado 'Plan Xeral de Ordenación Municipal, versión para aprobación provisional'. O informe de resposta aos informes sectoriais previos á aprobación provisional foi presentado o día 03.11.2023 (cod.sol.: W990966-3663) e nesa mesma presentouse o informe de integración dos aspectos contemplados na Declaración Ambiental Estratéxica (cod.sol.: W991073-4880). O informe de resposta ás alegacións rexistradas durante o trámite de información pública incorporouse ao expediente o día 01.12.2023 (cod.sol.: W1015542-6044 rexistrado o 30.11.2023) está datado en novembro do 2023 e conta coa sinatura electrónica do arquitecto director e coordinador dos traballos D. Alfonso Díaz Revilla en data 30.11.2023. E nesa mesma data tamén se presentou o informe de resposta ao emitido pola Área municipal de Xestión Patrimonial e Territorial (cod.sol.: W1016481-8156).

Con data 04.12.2023 a xefa da Área Técnica emitiu o informe técnico previo á aprobación provisional, constando tamén o informe sobre as actuacións administrativa realizadas.

De acordo co establecido no artigo 144 do RLSG neste estado do procedemento procede someter ao Pleno do Concello de Vigo a proposta de acordo para a aprobación provisional do documento presentado polo equipo redactor, previo o seu coñecemento polo Consello Social da Cidade de Vigo consonte ao disposto no seu regulamento orgánico.

De conformidade co informe xurídico de data 11.12.2023, é competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello de Vigo en virtude do disposto no artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, da LSG e do artigo 144 do RSLG, previa a emisión dos informes preceptivos da secretaría e da intervención municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 4 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido o xerente emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión extraordinaria do 21/12/23, ditaminou favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete (17) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia; cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Estimar total ou parcialmente e desestimar as alegacións consonte ao informe de resposta ás alegacións datado en novembro do 2023 e asinado electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos D. Alfonso Díaz Revilla en data 30.11.2023, que se asume como fundamento deste acordo.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o documento nomeado “Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación provisional, datado en outubro do 2023 asinada electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos, D. Alfonso Díaz Revilla con data 28/11/2023 e 29/11/2023, así como o informe de resposta aos informes sectoriais previos á aprobación provisional (presentado o día 03.11.2023, cod.sol.: W990966-3663), o informe de integración dos aspectos contemplados na Declaración Ambiental Estratéxica (presentado o día 03.11.2023, cod.sol.: W991073-4880), o informe de resposta ás alegacións rexistradas durante o trámite de información pública, incorporado ao expediente o día 01.12.2023 (cod.sol.: W1015542-6044 rexistrado o 30.11.2023) e o informe de resposta ao emitido pola Área municipal de Xestión Patrimonial e Territorial (presentado do día 30.11.2023, cod.sol.: W1016481-8156).

Terceiro.- Remitir o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo provisionalmente aprobado xunto co expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería competente en materia de urbanismo para a emisión do informe previsto no artigo 144.15 do RLSG.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica do Concello de Vigo o documento nomeado informe de resposta ás alegacións datado en novembro do 2023 e asinado electronicamente polo arquitecto director e coordinador dos traballos D. Alfonso Díaz Revilla en data 30.11.2023.

Quinto.- Concluída a tramitación do expediente e con carácter previo a súa aprobación definitiva, recabarase o informe previsto no artigo 117.2 da Lei 22/1988, do 28 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 5 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xullo de costas. Recabarase tamén o informe establecido na Disposición adicional segunda do RD 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto no artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orden social e o Real decreto 369/2023, do 23 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea.

***.- Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa do Sr. Alcalde, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:05 h., auséntanse da sesión plenaria o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Alvarez, e a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir o Pleno o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,

MOCIÓNS:

3.- (223) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA FELICITANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA POLO CUMPRIMENTO DE INCLUIR A MOI ALTA TENSIÓN PARA VIGO, ASÍ COMO A REPROBACIÓN Á XUNTA DE GALICIA POLA SÚA FALLA DE INICIATIVA POLÍTICA. EXPTE. 4205/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2023, número 4205/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A historia da demanda da conexión en moi Alta Tensión da fábrica de Stellantis, é coñecida por tódolos cidadáns de Vigo. A empresa PSA solicitou a súa conexión a rede de 220 kilovoltios no ano 2013, e o goberno do Partido Popular presidido por Mariano Rajoy ignorou absolutamente esta solicitude. Foron cinco anos, ata xuño de 2018, momento en que o Partido Popular perdeu o goberno de España nos que non houbo a mais mínima receptividade do goberno de España.

Falla de resposta acompañada dun vergoñento silencio cómplice do, polo entón, presidente da Xunta, o Sr. Núñez Feijóo. O goberno da Xunta de Galicia non tivo a mais mínima iniciativa política diante do goberno de España durante estes cinco anos, dende o ano 2013 ao ano 2018.

Iso si, en cuanto o goberno presidido por Mariano Rajoy foi substituído polo goberno de Pedro Sánchez, ao Partido Popular e ao Sr. Núñez Feijóo despregaron unha forte campaña insidiosa e falaz, baseada en medias verdades e polo tanto, mentiras, na que dicían que o goberno de España tiña abandonado o proxecto.

O Alcalde Abel Caballero, dende o primeiro momento, no ano 2013, dirixiuse aos gobernos de España, tanto ao presidido por Mariano Rajoy, como ao presidido por Pedro Sánchez, para que considerara esta solicitude da factoría industrial de PSA realizada no ano 2013. Xa que esta nova subestación permitiría, por unha parte atender a demanda enerxética da factoría de PSA no polígono industrial de Balaídos, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 6 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por outra conectar a área urbana de Vigo á rede de transporte de enerxía eléctrica de 220 kilovoltios.

E efectivamente, nos últimos días, o goberno de España, presidido por Pedro Sánchez ven de elevar nun 4,6% a inversión para a Planificación eléctrica a 2026 e inclúe a moi alta tensión para Vigo. Esta incorporación vai permitir a empresa Stellantis e ao tecido produtivo de Vigo facilitar a materialización de proxectos estratéxicos para a descarbonización da industria e o apoio a cadea de materiais e tecnoloxías clave vinculadas á transición verde.

Trátase de proxectos que se caracterizan por necesitar elevados consumos de electricidade, razón por la que se require o seu abastecemento directamente desde a rede de transporte eléctrica. Polo tanto, para atender a esta demanda o goberno de España propón incluír no plan o desenvolvemento da moi Alta Tensión a Vigo, cun investimento de 72 millóns de euros.

Cumriuse así o compromiso que a Vicepresidenta terceira, Teresa Ribera, adquiriu a principios de ano. Era o que Stellantis demandaba, e nos permite constatar que o Goberno de España cumpre con Vigo e con seu Alcalde. Dixeron que o ían a facer e fixeron.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Felicitar ao goberno de España polo cumprimento do compromiso, coa cidade de Vigo e co seu Alcalde, de modificar o planeamento das novas redes eléctricas para incluír a moi Alta Tensión para Vigo, que permitirá cumprir a demanda de Stellantis para poder continuar producindo na súa factoría de Balaídos.
- Reprobar ao goberno da Xunta de Galicia pola súa absoluta falla de iniciativa política diante do goberno de España durante cinco anos, dende o ano 2013 (cando PSA solicitou a súa conexión a rede de 220 kilovoltios) ata xuño de 2018, momento en que o Partido Popular perdeu o goberno de España.
- Reprobar ao goberno da Xunta de Galicia pola súa continuada mala fe, tentando dificultar e poñer en cuestión o compromiso do Alcalde de Vigo e do goberno de Pedro Sánchez coa construción da nova liña de moi Alta Tensión a cidade."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con quince (15) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 7 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2023 (Rex. Nº 4205/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Co permiso da Presidencia, no transcurso do debate do seguinte asunto da orde do día, auséntase da sesión plenaria a Sra. Garrido Valenzuela, concelleira do grupo político municipal do Partido Popular. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

4.- (224) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA MELLORA URXENTE DA REDE SANITARIA PÚBLICA EN VIGO. EXPTE. 4201/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2023, número 4201/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“POLA MELLORA URXENTE DA REDE SANITARIA PÚBLICA EN VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública galega padece desde hai catorce anos unha continuada ofensiva por parte da Xunta de Galiza en mans do Partido Popular que, a través da aplicación de recortes, só procura debilitar e reducir á mínima expresión a rede asistencial pública en beneficio da sanidade privada.

A área sanitaria de Vigo configúrouse como a zona cero da desfeita sanitaria a nivel galego, padecendo a imposición dun modelo privatizado no novo Hospital Álvaro Cunqueiro (HAC), o recorte das prestacións no Hospital do Meixoeiro, a redución á metade do proxecto do centro de saúde de Bouzas, unha grave e estrutural falla de medios humanos no conxunto da Atención Primaria, así como os efectos dun concerto especial con Povisa que impón unha sanidade desigual e precaria para unha parte importante da poboación da nosa área.

Estas políticas son responsábeis das importantes insuficiencias e deficiencias que padece a rede sanitaria pública na nosa cidade cun gravísimo impacto tanto na poboación, que padece a desatención e unha merma da calidade asistencial, como dos e das profesionais sanitarias, que son obxecto dunhas condicións laborais insoportábeis e unha crecente precariedade.

Malia o clamor case unánime da sociedade viguesa e do conxunto da área sanitaria de Vigo que esixiu nos últimos anos, con procesos mobilizadores masivos e continuados, unha rectificación da política sanitaria, o Goberno galego do Partido Popular, persiste nos recortes e en avanzar cara a unha maior privatización da atención sanitaria. Así se vén de verificar na tramitación dos Orzamentos da Xunta de Galiza para o vindeiro ano 2024, nas que o Goberno presidido por Alfonso Rueda volveu insistir en negar os recursos necesarios para comezar a reverter os recortes acometidos desde 2009 e garantir os medios precisos que garantan unha sanidade cento por cento pública, universal e de calidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 8 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste cadro xeral, salienta pola súa relevancia, a situación de risco de colapso que enfrenta a Atención Primaria. Tal e como denuncian reiteradamente as organizacións sindicais, os centros de saúde da área de Vigo continúan sen dispor do cadro de persoal necesario, con millares de viguesas e vigueses que non teñen médico/a ou pediatra asignado/a, o que se traduce en importantes demoras para lograr unha cita, e co conxunto do persoal sanitario, técnico e administrativo dos centros de saúde nunha sobrecarga continuada.

A non substitución de persoal por vacacións e mesmo por situacións de incapacidade temporal, é xestionada polo Sergas derivando a atención ao resto do persoal do mesmo centro ou trasladando pacientes duns centros de saúde a outros, nun proceso que se traduce nunha sobrecarga permanente, que se agravou durante o verán pola falla de reforzos. Un verán no que novamente un número importante de crianzas da nosa cidade ficaron sen pediatra no seu centro de saúde.

A nefasta política sanitaria do Partido Popular está a conducir a Atención Primaria, que é espiña dorsal da rede sanitaria, a un punto límite no que a poboación padece a falla de atención e unha cada vez máis limitada capacidade asistencial, e o persoal sanitario fica esgotado por causa da continuada sobrecarga. Sumado ao anterior, a saturación do único Punto de Atención Continuada (PAC) da cidade que continúa a sufrir importantes demandas asistenciais que provocan esperas de até 3 horas, como as que rexistraron en diferentes xornadas deste mes de decembro, ten tamén un efecto directo no aumento da presión asistencial dos servizos de urxencias hospitalarias como o vivido en datas recentes no HAC con 565 pacientes nunha soa xornada.

No ámbito hospitalario continúa sen desprezarse toda a capacidade asistencial e de intervención dos hospitais públicos da cidade, nomeadamente no caso do Hospital Álvaro Cunqueiro, reiterando o feche de camas durante os períodos estivais. A pesar de que a propaganda oficial do Sergas presume dunha redución histórica das listas de agarda, os seus propios datos parciais (por non incluíren a cirurxía non estrutural nin tampouco recoller datos de Povisa), recoñecen que, no mínimo, son máis de 8.500 as persoas á espera de intervención cun tempo de agarda promedio de 64 días. Ás listas de agarda cirúrxicas tempos que engadir tamén as importantes demoras para a realización de probas diagnósticas e tamén recoller a denuncia das organizacións sindicais a respecto da anulación, sen aviso, de citas programadas (mesmo de intervencións) que non se volven reprogramar e que xeran a ficción dunha redución das agardas que non é tal.

Ao anterior hai que engadir tamén a grave situación no que atinxe o servizo, privatizado, de ambulancias do 061. En Vigo, contamos con apenas 6 ambulancias de soporte vital básico en horario diurno, 3 en horario nocturno e 2 de soporte vital avanzado. Unha dotación absolutamente insuficiente para atender a poboación da principal cidade de Galiza e a súa contorna e que provoca demoras críticas nos tempos de resposta que poden ter un resultado letal nas urxencias médicas máis graves.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galiza:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 9 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1 *A posta en marcha inmediata dun plan de choque para o reforzamento da Atención Primaria na área de Vigo e no conxunto de Galiza, dotado con como mínimo 200 millóns de euros.*
- 2 *Reforzar a contratación de persoal en todas as categorías, garantindo as substitucións por vacacións ou baixas, e poñer fin á precariedade laboral no Sergas.*
- 3 *Incorporar na Atención Primaria profesionais sanitarias de especialidades como a psicoloxía clínica, a logopedia, a terapia ocupacional e alargar as carteiras de servizos para que enfermería, matronas ou fisioterapeutas, poidan desenvolver máis funcións con autonomía.*
- 4 *Incrementar de maneira sostida o orzamento sanitario a nivel galego no obxectivo de atinxir o 25% do orzamento total da Xunta de Galiza.*
- 5 *Rescatar a concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro para o converter nun hospital de xestión cento por cento público.*
- 6 *Realizar unha auditoría dos recursos económicos utilizados no concerto singular suscrito con Povisa e promover a absorción deste centro médico na rede sanitaria pública .*
- 7 *O reforzamento inmediato con novos medios propios do servizo de ambulancias do 061 na área de Vigo e a fin dos reforzos puntuais realizados con empresas que non garanten os medios nin o persoal necesario para a atención sanitaria en ruta.*
- 8 *Iniciar o rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre.*
- 9 *Dotar de máis medios o Punto de Atención Continuada (PAC) de Pizarro e a creación na cidade de outros dous novos PAC, en Teis e a contorna de Coia-Navia, incluíndo persoal especializado para a atención de urxencias pediátricas.*
- 10 *Recuperar a dotación asistencia prevista no proxecto inicial de centro de saúde de Bouzas, con 6 consultas de medicina de familia, pediatra e traballadora social.*
- 11 *Promover a construción de novos centros de saúde na cidade para desconxestionar a rede asistencial de Atención Primaria.*
- 12 *Aprobar medidas que garantan a presenza e estabilidade de profesionais nas prazas de difícil cobertura: elaboración dun catálogo no que se definan e cuantifiquen estas prazas; determinación do proceso de cobertura; recoñecemento da labor dos e das profesionais nestas prazas e incentivos.*
- 13 *Transparentar a situación real das listas de agarda sanitaria a través da publicación dun informe, no prazo dun mes, co resultado do “Programa de intensificación en 2023 para reducir os tempos de espera” anunciado no Consello da Xunta o 12 de xaneiro de 2023, recollendo orzamento investido, persoal contratado, cirurxías, probas diagnósticas e consultas realizadas.”*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

***.- Incidencia.** *No momento da votación deste asunto atopase ausente o Sr. Aneiros Pereira, concelleiro do grupo municipal Socialista. Son vinte e tres (23) os concelleiros que participan na votación deste asunto incluídos na orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; catorce (14) abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e catro (4) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 10 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.11.2023 (Rex. Nº 4201/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.- (225) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A INVERSIÓN NECESARIA PARA A MELLORA NAQUELES CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO QUE O PRECISEN. EXPTE. 4203/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2023, número 4203/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Unión Europea situou como un dos seus obxectivos principais na loita contra o cambio climático a mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

Así mesmo, no PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA da Xunta de Galicia, recóllese literalmente:

“Os centros escolares galegos son edificacións que foron construídas na súa maioría entre as décadas de 1960 e 1980. Isto indica que foron executados baixo uns estándares de eficiencia enerxética e envolvente térmica que necesitan ser mellorados para poder aumentar o confort interno dos usuarios.

Moitos centros educativos que deben ser rehabilitados aínda teñen as xanelas e portas orixinais, as cales adoitan ser solucións de carpintarías metálicas de corredeira sen RPT (Rotura de Ponte Térmica) e con vidros simples.

Estes aspectos xeran que, tanto as xanelas como portas, sexan un dos puntos da envolvente térmica con peores prestacións térmicas tanto pola súa baixa resistencia térmica como pola súa falta de estanquidade ao aire.

Así pois, a solución de substituír carpintarías e persianas debe ser prioritaria á hora de realizar unha rehabilitación enerxética.”

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade á inversión necesaria para a mellora naqueles centros educativos públicos de Vigo que o precisen, no ámbito das súa competencia.”*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 11 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezaoito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) abstencións dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2023 (Rex. Nº 4203/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.- (226) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZACIÓN DUN PLAN DE HUMANIZACIÓNS DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4204/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2023, número 4204/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Concello de Vigo ven realizando nos últimos anos unha transformación histórica humanizando centos de rúas da cidade, coa renovación da iluminación, beirarrúas, pavimentación e servizos soterrados.

En contraposición a esta actuación de mellora integral das vías de titularidade municipal, dende a chegada de Núñez Feijoo á Xunta de Galicia non se ten humanizado nin unha sola vía de titularidade autonómica (PO-325, PO-330, PO-552, etc), máis alá de pequenos parches, acumulándose unha débeda histórica coa cidade tamén nesta materia.

Á vista do exposto e co obxecto de poñer fin a este agravio á cidade de Vigo propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte,

ACORDO

- Instar da Xunta de Galicia a realización dun Plan de Humanizacións das Estradas de titularidade autonómica no Concello de Vigo por un importe mínimo de 15.000.000 euros.”*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal



Copia do documento - Concello de Vigo 4225-1101	Data impresión: 08/02/2024 12:40 CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	Páxina 12 de 20
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2023 (Rex. Nº 4204/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

7.- (227) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 20.11 AO 17.12.23. EXPTE. 1595/1102 (EXPTE. PLENO 4196/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/11/23 e o 17/12/23, incluídas no expediente 1595/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

8.- (228) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 20.11 AO 17.12.23. EXPTE. 1596/1102 (EXPTE. PLENO 4197/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 20/11/23 e o 17/12/23, incluídas no expediente 1596/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

MOCIÓNS.

9.- (229) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS POR PARTE DO GOBERNO LOCAL DE VIGO NA SUPERVISIÓN E CONTROL Á CONCESIONARIA DE TRANSPORTE PÚBLICO DA CIDADE (VITRASA). EXPTE. 4202/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2023, número 4202/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS POR PARTE DO GOBERNO LOCAL DE VIGO NA SUPERVISIÓN E CONTROL Á CONCESIONARIA DE TRANSPORTE PÚBLICO DA CIDADE (VITRASA)

A folga indefinida que están a levar a cabo os traballadores de Vitrasa dende o pasado 25 de novembro é a última acción de protesta por parte do cadro de persoal da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 13 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

empresa concesionaria do transporte público de Vigo, diante da pretensión da dirección de recortar de xeito drástico o seu salario e de non atender as peticións de melloras laborais no convenio colectivo. É ademais consecuencia de que as negociacións entre as partes permanezan enquistadas.

Un conflito que se alonga xa por máis de dous anos e que está a afectar de maneira considerable aos usuarios do transporte público, aos que se está a prestar un servizo deficitario sen que, ata o de agora, o goberno municipal se teña involucrado en buscar unha solución como é a súa obriga ao tratarse dunha contrata municipal.

Moi ao contrario, o executivo de Caballero límítase a botar balóns fora, acusando aos traballadores de facer unha “folga política” e desoíndo as chamadas á mediación realizadas tanto dende o comité de empresa como dende os grupos políticos da oposición.

A maior mostra da súa falla de interese sobre este conflito a amosaba o alcalde o pasado martes 14 de novembro cando se enfrontou a un grupo de traballadores que lle recriminaron na rúa a súa inacción dirixíndose a eles con xestos desprezativos e, a ollos de este Grupo municipal, impropios dun dirixente público. Levantarlles a man e facerlles o signo da vitoria é unha provocación totalmente rexeitable, innecesaria e evitable pero que, lamentablemente, o alcalde vigués tivo a ben repetir o día 5 de decembro á saída do acto de conmemoración en Vigo do día da Constitución.

Hai que lembrar tamén que dende o ano 2019 a empresa vén recortando sen miramentos liñas e frecuencias cun obxectivo claro e unívoco de maximizar a conta de resultados, sen importarlle o máis mínimo a manter a calidade do servizo público. Para mostra, hoxe circulan 12 autobuses menos os días laborables e 3 as fins de semana, a maiores de 250 viaxes menos nas xornadas laborais, 126 os sábados e 65 os festivos.

Todo isto coa convivencia manifesta do goberno de Caballero, que lonxe de exercer as funcións de vixilancia e supervisión ás que está obrigado, por tratarse dunha contrata pública municipal, parece estar máis cómodo compracendo á dirección da empresa. Algo evidente tras o seu visto e praxe aos recortes e a uns servizos mínimos durante os paros e as folgas absolutamente abusivos, como así o ditaminou posteriormente a xustiza. Pero tamén ao non instar sequera á dirección da empresa a anular, como así se lle requiriu tamén desde este Grupo municipal, os expedientes sancionadores contra un grupo de empregados, moitos deles membros do comité, por impedir a saída de dous vehículos que non formaban parte dos servizos mínimos durante a folga durante celebración de O Marisquiño.

A orixe deste conflito ben marcado pola prórroga de cinco anos que, incumprindo a súa palabra, concedeu o goberno de Caballero a Vitrasa co gallo da pandemia. Unha extensión do contrato que, aínda sendo legal non era obrigada, e que está, segundo afirma a empresa, na base do seu desequilibrio financeiro consecuencia da caída de viaxeiros por mor do coronavirus e desde entón. É a razón que esgrimen os socialistas vigueses para, logo de que a empresa xa cobrara unha indemnización do Estado de 5,6 millóns de euros, o executivo local estea a calcular outra achega a maiores para restablecer as contas da empresa.

Neste senso compre lembrar que o pasado 22 de novembro o alcalde asegurou ter “ultimado” o devandito expediente, sen que a día de hoxe, máis dun mes despois, transcendera maior detalle. É máis, este Grupo municipal do Partido Popular solicitou o pasado día 4 a visualización do mesmo, recibindo como única resposta por parte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 14 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

gobierno local que “aínda se está tramitando e que faltan unha serie de informes e documentos preceptivos”. Unha escusa coa que busca xustificar a denegación de acceso á documentación por parte da oposición.

Unha resposta que nos leva a pensar que o alcalde mentiu hai un mes, co único obxectivo de tratar de que os traballadores non lle boicotearan o acendido das luces do Nadal, que semella ser o único importante nesta cidade para o señor Abel Caballero. Mentira xa repetida, pois foi o mesmo argumento que xa utilizou co cadro de persoal de Vitrasa na pasada campaña electoral das municipais. Por todo o exposto, compren explicacións públicas do punto exacto nos atopamos. E por todo iso presentamos os seguintes acordos:

ACORDOS:

1.- Reprobar o desplante do alcalde, Don Abel Caballero, pola súa actitude chulesca e soberbia diante dos traballadores de Vitrasa tanto o pasado 14 de novembro como o día 5 de decembro.

2.- Manifestar o apoio unánime da corporación municipal aos traballadores da concesionaria do transporte público de Vigo, Vitrasa, na súa defensa dos dereitos laborais e instar ao concello a mediar no conflito que se alonga por máis de dous anos.

3.- Que o goberno municipal informe sobre o estado do cálculo da indemnización que lle hai que pagar a Vitrasa co fin de restablecer o seu equilibrio económico financeiro e se comprometa de xeito claro cun calendario respecto do mesmo.

4.- Instar a empresa a recuperar todos os autobuses, frecuencias e liñas suprimidas dende o 2019 para retomar un servizo de transporte público acorde coas necesidades dos vigueses. E de non facelo proceder a apertura dun expediente sancionador contra a empresa Vitrasa polo reiterado e grave incumprimento das cláusulas que rixen o prego de condicións do servizo.

5.- Convocar con carácter de urxencia o Consello Sectorial de Transportes do concello de Vigo para abordar a situación de caos que vive o servizo do transporte público da nosa cidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con sete (7) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Fernández Tapias, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.12.2023 (Rex. Nº 4202/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 15 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FORA DA ORDE DO DIA (FOD)

VOTACIÓN DA URXENCIA: FÓRA DA ORDE DO DÍA, de conformidade co establecido no artigo 54.8 do Regulamento Orgánico do Pleno (BOPPO núm. 87 do 10/05/2021) e nos artigos 91.4 e 97.3 do R.D. 2568/1986 que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e tendo en conta o artigo 81.1.a) do mesmo texto, o Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros presentes (22), acorda aprobar a urxencia e posterior consideración nesta sesión do asunto enumerado co epígrafe FOD.1.

FOD.1.- (9.Bis) (230) TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO PRESENTADO POR D. ABEL LOSADA ALVAREZ PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (REXISTRO PLENO 4212/1101).

ANTECEDENTES: Con data 27 de decembro de 2023 (Rexistro entrada Pleno 4212/1101), o concelleiro D. Abel Losada Álvarez presenta o seguinte escrito:

“Abel Fermín Losada Álvarez, con DNI 34.945.882-G, concelleiro da Excelentísima Corporación do Concello de Vigo, adscrito ao Grupo Municipal Socialista, mediante o presente escrito que presento por rexistro e que será ratificado, de ser preciso, diante da Secretaría Xeral do Pleno, comunico ao Pleno do Concello, os efectos da súa toma de coñecemento na vindeira sesión a miña renuncia a Concelleiro por haber sido nomeado subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, o día 26 de decembro de 2023.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do escrito de renuncia do concelleiro antes citado.

O Pleno da Corporación Municipal toma coñecemento da renuncia presentada polo Sr. Losada Álvarez, concelleiro pertencente ao grupo municipal Socialista.

10.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

10.1.- (231) Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. Que o Goberno municipal actúe diante dos vertidos de aceites, augas xabonosas e produtos tóxicos e outros residuos por parte de postos do Cíes Market directamente na rede de sumidoiros da cidade, e que se rectifiquen con urxencia as previsións de tráfico e seguridade do Nadal diante do reiterado caos circulatorio e da imposibilidade de tránsito dos vehículos de emerxencia.

10.2.- (232) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Abeijón. Que o alcalde respecte os acordos adoptados na Xunta de Voceiros, despois de que no Pleno de onte, de Orzamentos, houberse decidido baixar os tempos de intervención a 5 minutos, en contra do pactado, que eran dez minutos.

11.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

11.1.- (233) Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. *¿Que previsións ten o Goberno municipal para mobilizar os remanentes líquidos de tesourería ao obxecto de poder utilízalos para a atención de necesidades da cidade e*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 16 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

diante do risco certo do levantamento da suspensión da regra de gasto no vindeiro exercicio 2024 que volverá provocar a súa inmovilización?

11.2.- (234) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Abeijón, *¿Ten constancia o Goberno local de que o responsable do Plan de emerxencias do alumeado de nadal houbese presentado a súa dimisión ou renuncia?*

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Decembro 2023
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Jueves, 28 de Diciembre de 2023 09:03:51
Fecha Fin : Jueves, 28 de Diciembre de 2023 11:45:29
Duración : 02:41:38

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3402

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.1 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/VEnudo9AhS2C2FpC5PsStuqe7YPtyLXQC5oHqBYvs94f2lBZ.wmv>
SHA512 - 1cd6bd4b1117fbea44467934c22cf50e288b051201f747b0933a9ce962ac50b597220ccb363c16efa0be06770a9074519f16f05c40ffe240644abdd8d84fe87

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.0 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/KtytEMi09n3rfSD5vIFaCTcHnxirr7F0dqwHafycFzqvunZM.mp4>
SHA512 - 54affe16b4ec06a8a35d97332acb1a4c205027367c2e0c32abf50f857aae19ade71001aa395601183e5cfe3a2ce217c5773dc5dfe4f14b2ffb9c1c3d6facdba

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Asiento 4; Asiento 5; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;
00:03:18 - Caballero Álvarez, Abel
00:04:25 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/02/2024 12:40

Páxina 17 de 20

4225-1101

CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:04:52 - Caballero Álvarez, Abel
00:05:36 - Votación [9:09:25]
- 00:05:56 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 30.10 e extraordinaria do 23.11.23
Ditames das comisións informativas:
00:06:07 - Pérez Iglesias, Xabier
00:06:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:51 : 2. Aprobación provisional do documento nomeado ?Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo?. Expte. 15313/411 (Expte. Pleno 4198/1101).
00:07:12 - Caride Estévez, María José
00:17:11 - Caballero Álvarez, Abel
00:17:24 - Pérez Iglesias, Xabier
00:27:26 - Caballero Álvarez, Abel
00:27:39 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
00:35:52 - Caballero Álvarez, Abel
00:36:04 - López Font, Carlos
00:46:04 - Caballero Álvarez, Abel
00:46:24 - Caride Estévez, María José
00:52:44 - Caballero Álvarez, Abel
00:53:00 - Votación [9:56:49]
00:54:08 - Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista--
- 00:55:41 : 6. Moción do grupo municipal Socialista felicitando ao goberno de España polo cumprimento de incluír a moi Alta Tensión para Vigo, así como a reprobación á Xunta de Galicia pola súa falla de iniciativa política. Expte. 4205/1101.
00:56:25 - López Font, Carlos
00:58:39 - Caballero Álvarez, Abel
00:58:44 - López Font, Carlos
01:02:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:02:41 - Pérez Iglesias, Xabier
01:08:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:08:59 - Garrido Valenzuela, Irene
01:14:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:14:43 - López Font, Carlos
01:14:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:15:03 - López Font, Carlos
01:18:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:18:46 - Votación [10:22:29]
- 01:19:35 : 3. Moción do grupo municipal do BNG pola mellora urxente da rede sanitaria pública en Vigo. Expte. 4201/1101.
01:19:55 - Pérez Iglesias, Xabier
01:24:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:25:10 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:30:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:30:26 - López Font, Carlos
01:35:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:35:37 - Pérez Iglesias, Xabier
01:38:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:39:03 - Votación [10:42:52]
- 01:39:41 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a inversión necesaria para a mellora naqueles centros educativos públicos de Vigo que o precisen. Expte. 4203/1101.
01:40:00 - Alonso Suarez, María Olga
01:45:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:45:20 - Abalde Comesaña, Filipe
01:50:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:50:17 - Gonzalez Abeijón, Fernando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 18 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:52:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:52:12 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:53:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:53:39 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:55:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:56:01 - Alonso Suarez, María Olga
 01:59:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:59:24 - Votación [11:03:12]
- 01:59:49 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a realización dun Plan de Humanizacións das Estradas de titularidade autonómica no Concello de Vigo. Expte. 4204/1101.
- 02:03:56 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:08:27 - Martín Peña, José Miguel
 02:12:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:15:48 - Votación [11:19:37]
- 02:16:14 : 7. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.11 ao 17.12.23. Expte. 1595/1102 (Expte. Pleno 4196/1101).
- 02:16:27 : 8. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.11 ao 17.12.23. Expte. 1596/1102 (Expte. Pleno 4197/1101).Mocións.
- 02:16:39 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o incumprimento das obrigas por parte do Goberno Local de Vigo na supervisión e control á concesionaria de transporte público da cidade (VITRASA). Expte. 4202/1101.
- 02:16:59 - Martín Peña, José Miguel
 02:21:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:21:47 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:26:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:27:18 - López Font, Carlos
 02:32:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:39 - Martín Peña, José Miguel
 02:35:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:37:05 - Votación [11:40:53]
- 02:37:31 : Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro Abel Fermín Losada Alvarez
- 02:38:57 : 10. Formulación de rogos.
 02:39:07 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:39:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:39:53 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:40:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:40:12 : 11. Formulación de preguntas.
 02:40:17 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:40:38 - Caballero Álvarez, Abel
 02:40:47 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:40:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:41:38 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e corenta e cinco minutos (11:45 h.), redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 19 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conforme ao artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 23/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/02/2024 12:40	Páxina 20 de 20
4225-1101	CSV: A1AF4A-AECE4E-2984D1-ZLBEU9-VMR3M9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		